



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Relacións Laborais no ámbito Naval e Marítimo-Pesqueiro	Código	760G01043	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	<p>A materia de "Relacións Laborais no ámbito naval e marítimo -pesqueiro" é optativa e pódese cursar en terceiro ou cuarto curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.</p> <p>O contido desta materia capacita ao estudantado para alcanzar os coñecementos teórico-prácticos sobre as relacións laborais do sector naval e marítimo pesqueiro desde o plano da súa regulación xurídica, que lle sirvan para dominar os conceptos e as especialidades que caracterizan a este importante sector da economía galega.</p> <p>Partindo das fontes de regulación do traballo marítimo-pesqueiro, se estudarán as relacións individuais, analizando os diferentes tipos de contrato de traballo, con especial atención aos seguintes aspectos: salario, xornada laboral, saúde e riscos laborais e a seguridade social. Así mesmo analizarase as peculiaridades da negociación colectiva dos traballadores do mar e do sector naval.</p>			
Plan de continxencia	<ol style="list-style-type: none"> 1. Modificacións nos contidos 2. Metodoloxías <ul style="list-style-type: none"> *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 4. Modificacións na avaliación <ul style="list-style-type: none"> *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía 			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Marco normativo regulador das relacións laborais.	A1 A5 A11 A12		
Marco normativo regulador da seguridade social e da protección social complementaria.	A2		C5
Saúde laboral e prevención de riscos laborais.	A3		
Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.	A13 A30 A35		
Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.	A14		
Dirixir grupos de persoas.	A4 A15		
Asesorar e/o xestionar en materia de emprego e contratación laboral.	A16		
Asesoramento e xestión en materia de Seguridade Social, Asistencia Social e protección social complementaria.	A17		
Aplicar os coñecementos á práctica.	A31	B8 B9 B10 B11 B16	
Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.	A32		
Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.	A33		
Interrelacionar as distintas disciplinas que configuran as relacións laborais.	A20 A34		
Resolución de problemas.	A22 A27	B1 B7	
Capacidade de análise e síntese.		B2 B4 B5	
Capacidade de organización e planificación.		B3	
Comportarse con ética e responsabilidade social desde a cidadanía e como profesional.		B6	C7 C8
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais de Galiza.			C1
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.			C2
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3 C6
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía galega aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Delimitación do obxecto de estudo	Ámbito subxectivo. Ámbito colectivo.
As peculiaridades na regulación do traballo marítimo-pesqueiro.	Introdución. A incidencia das fontes supranacionais na ordenación do traballo marítimo-pesqueiro: os convenios da Organización Internacional do Traballo (OIT). A regulación do traballo marítimo-pesqueiro no dereito interno.



Relacións laborais individuais do contrato de traballo.	Contratos de traballo. Salario. A xornada laboral. Tempos de descanso. Outros dereitos e obrigas derivados da relación laboral dos traballadores del mar. A Relación laboral especial dos estibadores portuarios.
O Réximen Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.	Regulación. Campo de aplicación. Traballadores por conta propia e por conta allea. Afiliação, altas e baixas. Cotización. Acción protectora. Xubilación dos traballadores del mar. O Instituto Social da Mariña.
A prevención de riscos laborais nos buques de pesca y nas empresas do sector naval.	Definicións Obrigas do armador. Formación, información, participación e consulta. Prevención marítimo-pesqueira: principais riscos. Condições de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca. A prevención de riscos laborais no sector naval.
A negociación colectiva dos traballadores do mar e do sector naval.	A negociación colectiva. Os conflitos colectivos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A4 A32 A33 A34 A35 B7 B8 B10 B11 C1 C5 C6 C7 C8	5	10	15
Estudo de casos	A14 A16 B2 B9 B16 C2 C3 C4	8	20	28
Proba obxectiva	A1 A2 A3	3	12	15
Sesión maxistral	A5 A11 A12 A13 A15 A17	20	40	60
Presentación oral	A13 A14 B2	2	8	10
Portafolios do alumno	A13 A14 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C3	0	5	5
Solución de problemas	A20 A22 A27 A30 A31 B1 B3 B4 B5 B6	6	10	16
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito enfróntase ante a descrición dunha situación específica que expón un problema que ha de ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.



Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Portafolios do alumno	A os efectos de esta materia o portafolios do alumno designa o conxunto de traballos, prácticas e tarefas de calquera índole realizadas e entregadas polo alumno durante o cuatrimestre conforme a os criterios sinalados polo profesor.
Solución de problemas	Técnica mediante a que ha de resolverse unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Solución de problemas Portafolios do alumno	Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A2 A3	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.</p>	60
Portafolios do alumno	A13 A14 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C3	A valoración do conxunto de prácticas e traballos realizados polo alumno permite avaliar o progreso dos coñecementos obtidos e o traballo que o alumno realiza sen presenza da persoa encargada da docencia, especialmente en orden á súa aplicación na práctica.	40

Observacións avaliación

